

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DENOMINADO "SERVIZO DE ATENCIÓN LOGOPÉDICA PARA MENORES XORDOS E/OU CON DISCAPACIDADE AUDITIVA E AS SÚAS FAMILIAS" NO ANO 2026.

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

A Comunidade Autónoma Galega, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude da mencionada competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade, de acordo co disposto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de asistencia social incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

A Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, que ten entre as súas funcións a de promover todas aquelas actividades que, individual ou socialmente, favorezan a integración das persoas xordas e/ou con discapacidade auditiva e, en xeral, dar resposta ás necesidades das persoas xordas ou con discapacidade auditiva, das súas familias e dos profesionais que traballan con elas, a través de accións de atención e orientación, así como mediante a planificación de diferentes servizos destinados a estas familias, colectivo dentro do ámbito de competencias desta Consellería de Política Social e Igualdade.



O obxecto do presente convenio consiste en contribuír a través da concesión directa dunha subvención pública ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade do proxecto "Servizo de atención logopédica para menores xordos e/ou con discapacidade auditiva e as súas familias" que a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia ten previsto desenvolver no ano 2026.

O proxecto ten como principais ámbitos de actuación, a atención logopédica a menores xordos e/ou con discapacidade auditiva, a orientación ás súas familias e a aos centros educativos sobre as estratexias comunicativas en lingua de signos e o asesoramento ás familias e/ou contorna de convivencia ao longo do proceso de desenvolvemento comunicativo e linguístico do/da menor.

A Federación de Persoas Xordas de Galicia, ao abeiro deste convenio, desenvolverá as seguintes actuacións:

- a) Intervención logopédica para ensinar aos/as nenos/as a interpretar os estímulos nerviosos ou a utilizar as próteses auditivas adecuadamente e facilitarlles a aprendizaxe da fala usando como ferramenta a lingua de signos.
- b) Asesoramento ás familias e/ou contorna de convivencia ao longo do proceso de desenvolvemento comunicativo e linguístico dos/as menores, establecendo conxuntamente os obxectivos e acompañándoos ao longo do proceso de aprendizaxe.
- c) Información e atención a centros educativos acerca de estratexias , recursos e metodoloxías a empregar co alumnado con discapacidade auditiva.
- d) Orientación e coordinación cos servizos de atención temperá externos á Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia , de cara á derivación de casos e á realización dunha intervención coordinada.
- e) Organización de obradoiros para pais/ nais vinculados ao servizo.
- f) Accións formativas en lingua de signos en centros educativos (individuais e /ou grupais)



A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, está interesada en apoiar estas actuacións mediante a sinatura dun convenio de colaboración.

Este proxecto supón dar un paso adiante no benestar do colectivo de persoas xordas, xa que implica ampliar a oferta de actividades que dende hai tempo ven desenvolvendo a FAXPG co apoio da Consellería de Política Social e Igualdade, que canaliza a través dunha axuda global e individualizada nos orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia, asumida pola Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade e dirixida, no que se refire á atención de familias e logopedia e á marxe da atención de persoas adultas, a impulsar actividades de carácter informativo, de difusión ou sensibilización no ámbito educativo e da formación que non inclúe accións vinculadas ao servizo de logopedia.

Polo tanto o servizo de logopedia especializado en menores con discapacidade auditiva ven a completar, xunto con outros recursos específicos como o servizo de emprego e voluntariado, os servizos básicos financiados polo convenio nominativo.

As actividades concretas deste proxecto están dirixidas ao núcleo familiar e pivotan sobre os obxectivos de lograr un desenvolvemento lingüístico axeitado a través de estratexias comunicativas idóneas entre os membros da familia para canalizar o desenvolvemento emocional do/a menor. Deste xeito, este proxecto amplía o catálogo de servizos da FAXPG coa incorporación de intervencións en eidos que ata o de agora permanecían á marxe, como é a familia e os seus menores dende a súa fase máis temperá de forma que se favorece a continuación do desenvolvemento do/a menor no dito ámbito educativo e da formación.

As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.



Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

- Datos económicos

O convenio financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria que se indica no seguinte cadro, na cal existe crédito adecuado e suficiente no orzamento a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade para o ano 2026.

Aplicación orzamentaria	Importe
08.02.312B.481.0	27.238,23€

1. O pagamento da contía referida no presente convenio farase do seguinte xeito:

- a) Ata o 80% do total concedido poderase facer efectivo mediante pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade xustifique os gastos e os pagos realizados.
- b) O 20% restante abonarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

De conformidade co disposto no artigo 40.1.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, determínase que o prazo de xustificación das actuacións desenvolvidas no marco deste convenio remate o 15 de decembro de 2026. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais de 2026 liquidables con posterioridade á data de xustificación sen exceder do dito ano 2025 estas terán como límite da xustificación o 15 de xaneiro do ano seguinte.

Os gastos totais de orzamento para o desenvolvemento do proxecto de atención logopédica a familias con menores xordos e /ou con discapacidade auditiva para o ano 2026 son os que se especifican no seguinte cadro:



Concepto		Convenio D.X. Familia,	(0,7% IRPF e IMPOSTO DE SOCIEDADES Servizo de Logopedia e LSE a centros)	CONVENIO NOMINATIVO	Total
Gastos de persoal	Logopeda (grupo II) 39 h/12 meses	15.227,94 €	20.535,50 €		35.763,44 €
	Logopeda (grupo II) 39 h/12 meses		34.060,38 €		34.060,38 €
	Orientador/a educativo/a (grupo II. 9h/12 meses		2.241,78 €	3.177,68 €	5.419,46 €
	Especialista en linguaxe de signos (Grupo III) 26 horas/3 meses e 39 horas 9 meses	11.162,19 €	8.631,22 €		19.793,41 €
Gastos correntes			250,00€		250,00€
Desprazamentos		848,10€	60,00€		908,10 €
TOTAL PROXECTO		27.238,23 €	65.778,88 €	3.177,68 €	96.194,79 €

Condiciones reguladas por el Convenio colectivo la Federación de Asociaciones de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG). <https://www.faxpg.es/convenio-colectivo-es.html>



Con cargo a este convenio fináncianse os custes laborais do logopeda zona norte (A Coruña) correspondentes aos meses de xaneiro a novembro de 2026 (aproximadamente 18 horas en horario de inverno e 16 horas en horario de verán) e o financiamento dos custes laborais da especialista en linguaxe de signos española (ELSE) da zona de Ourense e Lugo correspondentes aos meses de xaneiro a novembro de 2026(aproximadamente 12 horas de xaneiro a marzo e a partir de abril 25 horas en horario de inverno e 23 horas en horario de verán)

En relación ao financiamento con cargo ao 0,7% do IRPF e do imposto de Sociedades esta é unha convocatoria que financia proxectos da entidade, entre eles o servizo de Logopedia e o Servizo de Linguaxe de Signos Española a centros. Nestes proxectos é onde participan os/as logopedas (servizo de logopedia) e a especialista en LSE en Ourense e Lugo (servizo de LSE a centros), non sendo o financiamento suficiente para cubrir os custes laborais de todos os profesionais, motivo polo que se financia con este convenio os custes laborais das actividades vinculadas á infancia e ás familias.

No custo do proxecto impútase unha contía ao convenio nominativo da Xunta de Galicia os gastos necesarios para o desenvolvemento das actividades. Ditos gastos fan referencia aos custes de coordinación (orientadora educativa) imputados proporcionalmente ás actividades deste convenio, pero non financiados por el.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada. O seguinte cadro reflicte a comparativa entre os gastos subvencionables con cargo ao convenio 2025, e os previstos para o ano 2026.

Concepto		2025	2026
Gastos de persoal	Salario+Seguridade Social	20.000 €	26.390,13€
Desprazamentos			848,10€
Total		20.000€	27.238,23€



A diferenza entre o orzamento do exercicio 2025 e 2026 fundaméntase en:

A ampliación dos custos salariais do perfil de especialista en lingua de signos española debido á ampliación do proxecto, que unha vez que se estendeu a Ourense e Lugo no ano 2025 contempla neste ano 2026 a ampliación das actividades de formación de LSE a menores xordos no ámbito asociativo nas dúas provincias.

A desagregación dos gastos de persoal que son obxecto de subvención no ano 2026 con cargo ao convenio é a seguinte:

Concepto			TOTAL
Logopeda (grupo II) 11 meses (aproximadamente 18 horas en horario de inverno e 16 horas en horario de verán)	Salario	11.559,50€	15.227,94€
	Seg. Social	3.668,44€	
Especialista en linguaxe de signos (ELSE) (grupo III) 11 meses (Aproximadamente 12 horas en xaneiro a marzo e a partires de abril 25 horas en horario de inverno e 23 horas en horario de verán)	Salario	10.547,67€	11.162,19€
	Seg. Social	614,52€	
Total			26.390,13€

O presente convenio entrará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026. Non obstante, os gastos das actuacións a subvencionar a través do presente convenio que realiza a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia dende o 1 de xaneiro de 2026, tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

- Fitos e obxectivos

As actuacións a desenvolver pola FAXPG no código de proxecto 2016-174 encádranse nos seguintes obxectivos recollidos no Plan Estratéxico de Galicia 2022/2030.



EIXE 1. O RETO DEMOGRÁFICO.

PRIORIDADE DE ACTUACIÓN PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO E01 - Garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia así como ter o número de fillos e fillas que desexen, a través do desenvolvemento de actuacións integrais Impulsar políticas de conciliación para que a crianza dos fillos e fillas e o coidado de persoas dependentes non supoña unha eiva profesional, en especial para as mulleres

OBXECTIVO OPERATIVO OO03 - programas de apoio ás familias e menores e favorecer as condicións necesarias para que as persoas menores poidan integrarse nunha familia ou desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións.

Os indicadores sinalados para este ano no dito proxecto 2016-174 "Programa de apoio ás familias" son:

P341.H - Menores e familias beneficiarias de programas e integración familiar, socioeducativos e terapéuticos (homes) - 430

P341.M - Menores e familias beneficiarias de programas e integración familiar, socioeducativos e terapéuticos (mulleres) -470

O proxecto do servizo de atención logopédica a menores xordos e/ou con discapacidade auditiva e á súas familias contribúe ao logro dos ditos indicadores. Os indicadores deste proxecto previstos para o ano 2025 son os seguintes:

Beneficiarios directos do proxecto de signos en centros educativos de Ourense e Lugo:

- Mulleres: 21

- Homes : 26

•Familias dos/as menores:

- Mulleres: 72

- Homes: 19

- Territorialización

O proxecto desenvólvese nas catro provincias con actuacións en Vigo, Pontevedra, Ourense e Lugo.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

